



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgfm.es
E-mail: promocion@fgfm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR Nº 7

TEMPORADA 2022/23

XORNADAS DE PROMOCIÓN DO TENIS DE MESA

O Comité de Promoción da Federación Galega de Tenis de Mesa convoca para o próximo **mércores 22 de Febreiro de 2023** en horarios de 10:30 a 18:30 h. Xornadas de Promoción do Tenis de Mesa. Este Comité ten programado realizar varias xornadas, a ser posible, por distintos puntos da xeografía galega.

O obxectivo principal destas xornadas é a promoción do tenis de mesa especialmente entre aqueles xogadores que se están a iniciar no noso deporte ou desexan mellorar as súas capacidades básicas no mesmo.

Cada unha das Xornadas centrarase nunha franxa de idade de xogadores/as determinada. A FGTM designará un técnico para cada unha delas, que será o encargado de ensinar os principios básicos do tenis de mesa e dirixir a xornada.

Os clubs interesados en ser **sede dalgunha xornada**, poderán enviar a súa solicitude mediante o seguinte enlace: <https://forms.gle/Yko1dgPpJsYps5NY6>

De igual forma, os **adestradores** interesados en dirixir a algunha das xornadas, poden enviar as súas solicitudes no seguinte enlace: <https://forms.gle/PDX7faBFNVSzZvj17>

O **límite de recepción** de solicitudes para sede e adestradores será o día **03 de Febreiro de 2023 ás 14:00 h.**

Unha vez rematado o prazo de solicitudes de sede e adestradores, serán publicados os elixidos e abrirase o prazo de inscrición para os xogadores que será libre, por orde de inscrición, ata completar as prazas dispoñibles.

Vigo, 29 de Xaneiro de 2023



Área de Promoción
Federación Galega de Tenis de Mesa